

Bo día a todos/as,

Está semana imos realizar unha actividade moi interesante que nos proporcionou Carme de francés. O alumnado que ten francés estaa realizando nese idioma. Vós tendes que facela en galego.

Ao principio do confinamento, Pénélope Bagieu, debuxante e guionista de banda deseñada e Oscar Barda, creador de videoxogos, lanzaron en Twitter o cancelo#CoronaMaison. O reto é o seguinte: cada un debuxa o seu espazo a partir dun cuarto baleiro dunha gran casa virtual. Podes imaxinar o espazo ideal no que che gustaría estar confinado/a, coa túa decoración, mobles, animais de compañía, etc. Moitos ilustradores e ilustradoras xa se uniron ao xogo, e ti tamén podes participar. Despois de debuxar a túa casa ideal e meter dentro todos os obxectos e persoas coas que desexarías pasar o confinamento, tes que describila por escrito. Xa sabes que **describir é pintar con palabras.**